

## ORGANIZACIÓN DO CENTRO

### CALENDARIO ESCOLAR:

O curso académico abrangue do **12 de setembro ao 21 de xuño ambos inclusive**.

**Periodo de adaptación Ed. Infantil:**

Desde o día 12 ata o 23 de setembro, ambos inclusive.

**Vacacións:**

**NADAL:** Do 24 de decembro ao 7 de xaneiro, ambos inclusive.

**ENTROIDO:** 4,5 e 6 Marzo.

**SEMANA SANTA:** Desde o día 15 ata o 22 de abril, ambos inclusive.

**Festividades:**

**DÍA DA FESTA NACIONAL** 12 de outubro

**DÍA DE TODOS OS SANTOS** 1 de novembro

**DÍA DA CONSTITUCIÓN** 6 de decembro

**DÍA DO ENSINO** 7 de decembro.

**DÍA DA RECONQUISTA** 28 de marzo

**DÍA DA FESTA DO TRABALLO** 1 de maio

**DÍA DAS LETRAS GALEGAS** 17 de maio

**DÍA NON LECTIVO DE ELECCIÓN DO CENTRO:** pendente de aprobación.

### HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

**Titorías:**

Martes de 18:00 a 19:00 horas.

**Orientador:**

Previa petición de cita.

## ENDEREZO, TELÉFONOS E PÁXINAS WEB DE INTERESE DO CENTRO

### CEIP GARCÍA BARBÓN

Rúa Serafín Avendaño 20, 36201

Vigo– Pontevedra

TLF. 886111087

FAX. 886111091

[ceip.garcia.barbon@edu.xunta.es](mailto:ceip.garcia.barbon@edu.xunta.es)

### PÁXINA WEB

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgarciaarbon/>

### BLOGS DO CENTRO:

Biblioteca:

<http://bibliotecadobarbon.blogspot.com.es>

Dinamización Lingüística:

<http://lareando.blogspot.com.es>

TICS:

<http://oblogdastics.blogspot.com.es>

O TALLER MATINAL, O COMEDOR ESCOLAR E AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES SON XESTIONADAS POLA

**ANPA**

TLF. 660175215

<http://anpagarciaarbon.org>



## BENVIDOS A ESTA NOVA ETAPA!

4º EDUCACIÓN INFANTIL  
(3 ANOS)

CURSO 2018-19

# CEIP GARCÍA BARBÓN

## BENVIDOS AO NOSO CENTRO!!

Dámosvos a benvida ao noso cole-xio, desexando que a estadía do voso fillo ou filla responda ás vosas expectativas. Entregámosvos aos pais e nais este pequeno tríptico cunhas orientacións e su-xestións para os primeiros días de clase. Cremos que se as tedes en conta será máis levadía e natural a incorporación dos vosos fillos ao noso centro educativo.

## SUXESTIÓNS PARA O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

- Acordade unha persoa de referencia que será a encargada de acompañar ao neno ou nena durante os primeiros días á escola e que fará de ponte entre o contorno familiar e o novo espazo.
- Espertade ao neno ou nena con tempo dabondo para almorzar e vestirse con calma. É mellor non andar ás carreiras e con présas.
- Procurade chegar puntuais, respectando os horarios de entrada para que non perdan dinámicas e rutinas comúns.

- Facede despedidas afectivas pero curtas, con tranquilidade, sen mentir sobre onde imos ou sobre o tempo que imos tardar en vir, amosando despreocupación e normalidade.
- Non prometades o que non se vai cumprir (agora volvo, vou facer un recado e xa estou de volta, agardo aquí fóra,...)
- Non aproveitades un descoido do neno ou da nena para marchar do centro. Tende presente que se perciben un engano, non é fácil que volvan confiar.
- Recollede aos nenos e nenas con puntualidade para evitar frustracións e desgustos inútiles (os primeiros días fánelles moi longos, pero pouco a pouco irán acostumándose). Nos momentos de recollida acollédeos afectuosamente pero obviando as súas queixas e centrándose no que fixeron. Tede en conta os traballos que poidan levar a casa, interesádevos por todo o que aconteceu, facede preguntas sobre o profesorado.

## RECOMENDACIÓNS

### Roupa:

O **mandilón será** de cadros de **cor azul e branco e botóns grandes**.

Aconséllase que veñan vestidos con roupa cómoda para facilitar a autonomía do alumno/a.

O calzado preferiblemente con velcro.

Prégase que todos os obxectos e roupa veñan identificados co nome do alumno ou da alumna.

**REUNIÓN INICIAL**

**COASTITORAS**

**7 DE SETEMBRO ÁS 10:00**

**ESPERÁMOSVOS!**

**CURSO 2018-19**